

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao través do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión**, relativa á xestión dos puríns na comarca da Limia.

Exposición de motivos

Na augas da comarca da Limia existe unha alta concentración de puríns debido á elevada presenza de explotacións de gandería intensiva. Os puríns, ao filtrárense nos acuíferos, constitúen un gran perigo a nivel ambiental e para a saúde das persoas pero tamén para a propia actividade empresarial das propias ganderías. Compre, polo tanto, atallar ese problema canto antes.

Exemplos como o do fracaso da filial de Coren, Gallega de Residuos Ganaderos, empresa dedicada á reutilización dos residuos animais para a fabricación de abono e para a produción de enerxía limpa, a causa das restricións á coxeneración de enerxía impostas pola nova normativa eléctrica demostran que o Partido Popular non só non ten solucións para este problema senón que mesmo legisla para facer máis difícil calquera solución.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei:

- 1) O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a intensificar a vixilancia e a tomar as medidas necesarias para que se faga na zona unha correcta xestión de puríns.
- 2) Se realice unha auditoría por parte da Consellería de Medio Rural e do Mar que avalíe dos progresos e beneficios do Plan Life + Rexenera no obxectivo de mellorar o estado das augas na Limia.
- 3) Que en función dos resultados da auditoría se corrixa o necesario para o correcto saneamento das augas da comarca da Limia.

En Compostela, a 24 de agosto do 2015

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 24/08/2015 14:16:33